



CONCELLO  
AGUARDA

(PONTEVEDRA)



## “DECORA O TEU NADAL” 2019

*“Achégase unha das datas mais importantes para a nosa vila, unha época de lecer e encontro coa familia e os amigos, onde o embelecemento da nosa vila cobra unha especial importancia e é por iso que queremos convidar as Asociacións da Guarda a implicarse na decoración de Nadal aportando a súa creatividade e bo facer, e axudando a sentir o Nadal como un tempo e espazo compartido”*

### ENTIDADE PROMOTORA

**DECORA O TEU NADAL** é unha iniciativa do Concello da Guarda en colaboración coas diferentes asociacións e desenvolverase de acordo as bases aquí establecidas.

A participación implica a aceptación integral das presentes normas.

### TEMA

O tema obxecto da actividade é o **“Decorado Urbano de Nadal”**, separándoos por asociacións e tendo en conta nesta decoración o que cada unha delas representa e o tema a tratar proposto polo concello.

Este ano o tema proposto para a decoración de nadal será **“Nadal Mariñeiro”**, rematando así o 2019 co mar como protagonista.

Os traballos resultantes, serán utilizados polo Concello da Guarda para a decoración de diferentes puntos do municipio (prazas, alamedas...).

### OBXECTIVOS

- Apreciar e valorar o Espírito do Nadal.
- Conseguir que o cidadán se sinta motivado por vivir o Nadal.
- Concienciar da importancia e coidado do entorno.
- Fomentar o traballo en grupo.
- Unir as distintas asociacións para traballar sobre un mesmo obxectivo.

### CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Pode participar nesta actividade tódalas asociacións (culturais, deportivas, ambientais, xuvenís, sociais, empresariais...) interesadas, sempre que sexan do municipio da Guarda.



CONCELLO  
AGUARDA



### DECORADO

Cada asociación, poderá participar cun máximo de **1 proposta** á que se lle outorgará unha localización para dita decoración.

Os materiais empregados para a decoración deben ser principalmente **materiais de refugallo, non contaminantes e resistentes ao exterior.**

A localización que resulte decorada deberá ser identificada polo **nome da Asociación** que traballou nela.

Estes carteis indicativos serán entregados polo Concello da Guarda a cada unha das asociacións participantes.

O Concello da Guarda poderá axudar economicamente para a adquisición de material, se fose necesario, sempre e cando este non supere un límite (que virá determinado en función do número de participantes e necesidades) e respecte a filosofía da iniciativa non substituíndo nunca materiais de refugallo por material adquirido. Estas necesidades deberán comunicarse ó Departamento de cultura con anterioridade ó 15 de novembro.

### CONFIRMACIÓN DA PARTICIPACIÓN

As asociacións interesadas deberán confirmar a súa participación antes do día 4 de novembro de 2019. O día 8 de novembro comunicaráselle a cada unha das asociacións o punto a decorar.

### PRAZO PARA A DECORACIÓN

Dende o **día 02 ao 11 de decembro**, as asociacións deberán encargarse de decorar os exteriores asignados a cada unha delas e, de ser o caso, facilitarase axuda por parte do Concello sendo avisado con tempo de antelación suficiente.

### DIVULGACIÓN DOS RESULTADOS

Tódolos decorados faranse públicos entre o 12 e 13 **de decembro de 2019**, día no que se realizarán as fotografías nas diferentes ubicacións, cos membros das asociacións. Ademáis, publicaranse na páxina web do Concello da Guarda e enviarase para a súa publicación a outros medios de comunicación.

### DEREITOS DE AUTOR

Todos as asociacións participantes, autorizan a utilización dos traballos, sen compensación, en todas as publicacións ou actividades promovidas polo concello da Guarda, quen deberá en todo caso citar o autor (salvo que este indique por escrito que non quere ser identificado).

### NOTA FINAL

Praza do Reló, 4

Horario: 09:00 -15:00

Tlfn. 986 61 00 00

E-mail: [culturaguarda@gmail.com](mailto:culturaguarda@gmail.com)



CONCELLO  
AGUARDA



ANEXO I

INSCRIPCIÓN "DECORA O TEU NADAL 2019"

Nome da Asociación	
Representante	
NIF	
Enderezo	
Telf.	
E-mail	

Precisas de algunha axuda ?		
Material	Cantidade	Prezo
Axuda municipal (transporte, escaleira...):		

Lugar Decoración:	
-------------------	--

A Guarda, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

O Concelleiro/a:	O Representante:
Conforme.	